



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2024/C003/000009

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN

José Muíño Domínguez, alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, ten a ben **INFORMAR DO SEGUINTE** en relación ao expediente de contratación da seguintes obra, polo procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e fórmulas aritméticas) **tramitación urxente**. Non suxeito a regulación harmonizada.

Expediente: **CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS. PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL E DE RECEPCION DE VISITANTES DO ESTUARIO DO ANLLONS. SEGUNDA LICITACIÓN**

Actuación cofinanciada por la Xunta de Galicia a través de:

Axencia de Turismo de Galicia

Consellería do Mar mediante os grupos de acción local do sector pesquero (GALP), no marco do fondo europeo marítimo, de pesca e de acuicultura (FEMPA).

Análise técnica

Constan no expediente os informes do servizo técnico municipal, do arquitecto Enrique Vilar Gantes nos que se poñen de manifesto a dispoñibilidade, así como que as obras previstas cumpren coa legalidade urbanística, que se trata dunha obra completa e que non é necesaria a supervisión do proxecto.

Respecto a dispoñibilidade consta no expediente certificación de secretaría de 28/02/2024.

Valor Estimado

Tal e como dispón o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato debe ser determinado neste punto.

- Valor estimado: 442.784,29€
- Importe IVA 92.984,70€
- Total 535.768,99€

Localización.

O inmovible obxecto de rehabilitación encóntrase ubicado na finca con ref.catastral 15014A025002040000AU. O edificio é coñecido popularmente como **Capela de Sinde**.

Obxecto do contrato.

Rehabilitación integral do edificio denominado popularmente Capela de Sinde co obxectivo de fomentar a cultura, ocio e un turismo responsable co contorno e medioambiente.

Viabilidade

Tendo en consta o valor estimado, resulta posible abordar o custo do contrato, pois é subvencionado maioritariamente pola Xunta de Galicia:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2024/C003/000009

- Axencia de Turismo: 145.000,00 €
- Consellería do Mar: 200.000,00 €

Dado os ratios que presenta a liquidación do Orzamento, tales como resultado orzamentario positivo, Remanente líquido de Tesourería positivo, fondos líquidos, etc. enténdese que resulta posible a execución e financiación do contrato sen comprometer as principais variables financeiras da Corporación.

Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma.

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

A este respecto debe sinalarse neste punto e en canto á débeda financeira, non resulta necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida.

En relación ca débeda comercial, estímase que os compromisos de gasto xerados por esta contratación permitirán cumprir o período medio de pago a provedores.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios SEC-10, é a diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

A este respecto debe indicarse que o gasto previsto atópase recollido no orzamento e se estima que ao peche do exercicio a Corporación cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto. Destacar que a obra é financiada maioritariamente e por tanto, non se incrementa o gasto computable da Corporación a efectos da regra de gasto na porcentaxe financiada por axentes externos.

Tramitación do expediente.

- Visto o estado de deterioro da edificación óptase por a tramitación urxente. Xúntase ó expediente a declaración de urxencia.

Compromiso de Gasto plurianual.

De conformidade co art.174 do TRLRFL adquirese para a inversión o compromiso de gasto plurianual nas seguintes anualidades:

- 2024 por importe de 219.916,77 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2024/C003/000009

-2025 por importe de 315.852,22 €

Análise do Procedemento

Tendo en conta os valores estimados dos contratos e dado os tipos de obras que se pretende realizar, parece axeitado introducir criterios de adxudicación suxeitos a xuízo de valoración técnica.

Así, o procedemento máis axeitado será o **aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (xuízo de valor e fórmulas aritméticas), non suxeito a regulación harmonizada**, previsto no art. 156 da LCSP en relación co art. 20 da Lei de contratos do sector público, Lei 9/2017 (LCSP), dado que o seu valor estimado é inferior a 2.000.000,00 €.

a. Cualificación do contrato

Segundo o art. 13 da LCSP, trátase dun contrato típico de obras, tendo en conta que ten por obxecto a execución das obras previstas no proxecto.

b. Análise de execución por lotes

Non procede a división en lotes polos seguintes motivos:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico
- O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
- Problemas de coordinación na execución.

c. Duración da execución das obras: 9.5 meses segundo proxecto .

d. Xustificación da elección dos criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación gardan relación directa co obxecto do contrato .

Os criterios propostos e a súa ponderación é a seguinte, atendendo ás valoración máximas permitidas polos pregos tipo da Deputación Provincial da Coruña:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade	15
	Programa de traballo	20
	Programa de actuación ambiental	10
	Esquema do Plan de seguridade e saúde	10
CRITERIOS AVALIABLES	OFERTA ECONÓMICA	40



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2024/C003/000009

MEDIANTE FÓRMULAS	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	10
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	10
		Contratación desempregados	5
	IGUALDADE		5

Órgano de contratación

O órgano competente para contratar é a Xunta de Goberno Local do Concello de Cabana de Bergantiños, de conformidade coa disposición adicional segunda da LCSP e coa delegación de Pleno de 23/06/2023.

Responsable do contrato

O director facultativo da obra.

Condições de execución.

O adxudicatario e os subcontratistas que participen na execución da obra, terán que cumprir obrigatoriamente algunha condición especial de execución das reflexadas na cláusula 27 dos PCAP.

Igualmente atenderán as condicións (xerais e particulares) establecidas nas seguintes autorizacións/ resolucións:

- Resolución da dirección xeral do patrimonio cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia.Exp.800/24

Conclusión: enténdese xustificada a necesidade de contratación das obras de referencia e xustificado o previsto no art. 28 da LCSP.

En Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica.

**O alcalde,
José Muíño Domínguez.**